

Programación FRANCÉS. 2021-2022

IES VALADARES

INDICE

1.INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN	3
-PERFIL DO CENTRO	
-SITUACIÓN DA LINGUA FRANCESA NO CENTRO	
-DISTRIBUCIÓN DE GRUPOS	
-COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO DE FRANCÉS	
2.CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO LOGRO DAS COMPETENCIAS CLAVE	6
3.OBJETIVOS ESPECÍFICOS DA MATERIA	10
4.CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS	11
5.MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS	13
6.TEMPORALIZACIÓN DE CONTIDOS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	14
7.AVALIACIÓN:	16
7.1.AVALIACIÓN INICIAL	
7.2.PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.	
7.3.GRAO DE LOGRO DE ADQUISICIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE MÍNIMOS ESIXIBLES REQUERIDO PARA OBTEN UNHA AVALIACIÓN POSITIVA	
7.4.CRITERIOS DE AVALIACIÓN,CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO AO LONGO DO CURSO ESCOLAR:	
7.4.1.CRITERIOS DE AVALIACIÓN	
7.4.2.CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN.PORCENTAXES PARA CADA UN DOS BLOQUES DE CONTIDOS NAS AVALIACIÓNS ORDINARIA E EXTRAORDINARIA E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.	
8.MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE	24
9.ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO,RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DA MATERIA PENDENTE.	25
10.ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES	26
11.AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE:INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE	26
11.1.INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE	
11.2.MECANISMOS DE REVISIÓN,AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA	

12.PLAN DE LECTURA	28
13.PROGRAMACIÓNS POR NIVEIS	
13.1.PRIMEIRO DA ESO	32
13.1.1.OBXECTIVOS,CONTIDOS,ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE,DESCRIPTORES E INDICADORES DE LOGRO.CRITERIOS DE AVALIACIÓN E PROGRAMAS TRANSVERSAIS	
13.1.2.ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE MÍNIMOS ESIXIBLES NA CONVOCATORIA FINAL ORDINARIA DE XUÑO	
13.2.SEGUNDO DA ESO	50
13.2.1.OBXECTIVOS,CONTIDOS,ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE,DESCRIPTORES E INDICADORES DE LOGRO.CRITERIOS DE AVALIACIÓN E PROGRAMAS TRANSVERSAIS	
13.2.2.ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE MÍNIMOS ESIXIBLES NA CONVOCATORIA FINAL ORDINARIA DE XUÑO.	
13.3.TERCEIRO DA ESO	75
13.3.1.CRITERIOS DE AVALIACIÓN,ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE,CONTIDOS,ACTIVIDADES POR CADA UN DOS BLOQUES	
13.3.2.ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE MÍNIMOS ESIXIBLES NA CONVOCATORIA FINAL ORDINARIA DE XUÑO	
13.4.CUARTO DA ESO	147
13.4.1.CRITERIOS DE AVALIACIÓN,ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE,CONTIDOS,ACTIVIDADES POR CADA UN DOS BLOQUES	
13.4.2.ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE MÍNIMOS ESIXIBLES NA CONVOCATORIA FINAL ORDINARIA DE XUÑO	

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN

PERFIL DO CENTRO :

O IES VALADARES sitúase na entidade de poboación de Sobreira, na parroquia de Valadares do Concello de Vigo. A súa zona de influencia esténdese dunha forma ampla ás parroquias de Castrelos, Matamá e Zamáns. Como centros adscritos ten o CEIP Alfonso Rodríguez Castelao, o CEIP Sobreira, CEIP Igrexa Valadares, CEIP Josefa Alonso e CEIP Mestres Goldar. A matrícula do Instituto nítrese principalmente destes centros de Primaria pero tamén recibe alumnado das parroquias veciñas dos Concellos de Mos e Gondomar e do casco urbán de Vigo e de Navia.

O tipo de familia é de clase media/baixa residente no ámbito rural, con niveis de estudos primarios e medios.

Situación da Lingua Francesa no centro

O papel heurístico das linguas constitúe un reto para o sistema educativo, pois son instrumento de comunicación e de interacción social, de conservación e transmisión de coñecemento, de participación cidadá na vida social, de investigación, creación, experimentación e descuberta. E as linguas achégannos ao xeito de vida e ás formas de pensamento doutros pobos e dos seus patrimonios culturais. A lingua apréndese non para falar, ler ou escribir sobre a lingua, senón para falar, ler e escribir sobre emocións, afectos e aventuras, sobre o mundo; como medio das relacións interpersoais e recoñecemento da alteridade, motor do noso pensamento e das nosas reflexións, e porta de acceso ao coñecemento.

Neste marco, a formación lingüística no contexto escolar é un instrumento para a equidade, xa que debe facilitar os medios necesarios para comunicar no ámbito educativo e na vida profesional e social, nomeadamente en contextos formais e educativos, e tamén sensibilizar cara a usos creativos e lúdicos das linguas, e achegar ao patrimonio literario e cultural que estas propician.

O Consello de Europa, a través de sucesivos proxectos, está comprometido nunha política lingüística dirixida a protexer e desenvolver a herdanza lingüística e a diversidade cultural de Europa como fonte de enriquecemento mutuo, así como a facilitar a mobilidade persoal dos seus cidadáns e das súas cidadás, e o intercambio de ideas. Neste sentido publícase no 2001 o Marco Común Europeo de Referencia para as linguas (MCER) que é non só como una ferramenta práctica para propiciar a reflexión sobre o ensino das linguas e a transparencia de cursos, programas e titulacións entre os Estados e dentro deles, senón tamén polo recoñecemento da competencia plurilingüe e intercultural, que transcende o concepto de multilingüismo, no seu día piar dos enfoques das políticas lingüísticas máis abertas ao recoñecemento da diversidade.

A educación plurilingüe e intercultural considera, con carácter xeral, a aprendizaxe de todas as linguas e culturas e, de xeito específico, os enfoques plurais transversais e integradores no seu ensino e na súa aprendizaxe. A súa finalidade é retirar barreiras

artificiais entre as linguas, encerradas tradicionalmente nos sistemas escolares en compartimentos estancos, e promover o uso integral do repertorio lingüístico, discursivo, estratéxico e intercultural que posúe o alumnado e que vai adquirindo ao longo das súas diversas experiencias lingüísticas dentro e fóra do ámbito educativo. Así, o/a aprendiz plurilingüe realizará transferencias dos coñecementos e experiencias lingüísticas adquiridos nunha lingua para abordar tarefas de comunicación, creación e aprendizaxe noutra lingua diferente. Esta capacidade de transferencia non só permite descubrir as regularidades dunha lingua total ou parcialmente descoñecida e relacionalas, desde o punto de vista teórico, coas regularidades observadas noutras linguas que coñece, ou identificar termos emparentados en todas as linguas, senón que, ademais, promove a tolerancia perante palabras descoñecidas, nomeadamente importante nos contextos de comprensión que necesitan a fluidez, como son a lectura extensiva e a comprensión de textos orais sen posibilidade de verificación do entendido. A competencia plurilingüe facilitará, así, a inferencia de significados e o desenvolvemento de competencias heurísticas eficaces para identificar os elementos esenciais e secundarios nun texto descoñecido.

Pola súa banda, mediante o diálogo intercultural póñense en xogo dispositivos de relación social esenciais, como son o recoñecemento do outro como lexítimo, o reforzamento da identidade propia no recoñecemento da identidade das demais persoas, a aceptación da diversidade persoal, social e cultural, e o respecto polos dereitos fundamentais.

Neste a segunda lingua estranxeira, que tamén é abordada na aula desde un enfoque comunicativo e intercultural, xa que o coñecemento dos valores e as crenzas compartidas por grupos sociais doutros países resulta esencial para a comunicación nesta sociedade globalizada. Doutra banda, non se pode esquecer que o achegamento do alumnado á lingua estranxeira se produce, na maior parte dos casos, partindo das linguas próximas, a materna e ambientais.

Neste curso 2021/2022 aplicarase a Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE) no Ensino Secundario. A programación de tódolos cursos da materia de francés guiarase pola presente lei e os currículos oficiais elaborados a partir dela, desenvolvidos no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

A **materia de Segunda Lingua Estranxeira** está organizada en cinco bloques que se corresponden coas actividades de lingua que, tal como as define o MCER, supoñen o exercicio da competencia lingüística comunicativa dentro dun ámbito específico para procesar (en forma de comprensión ou de expresión) un ou máis textos co fin de realizar unha tarefa: comprensión de textos orais, produción de textos orais (expresión e interacción), comprensión de textos escritos e produción de textos escritos (expresión e interacción). Para a súa realización, estas actividades requiren a competencia comunicativa, polo que se inclúe un quinto bloque no que se recollen os elementos que abrangue a competencia comunicativa (lingüísticos, sociolingüísticos e pragmáticos), así como as experiencias lingüísticas noutras linguas. Todos estes elementos do quinto bloque relaciónanse entre si e interactúan na realización das actividades lingüísticas comunicativas de comprensión, produción e interacción. Isto supón que, para cada tarefa comunicativa descrita nos estándares, cumprirá incorporarse o conxunto dos contidos recollidos no quinto bloque para a realización do bloque de actividade lingüística que corresponda. Da mesma maneira, para avaliar o grao de adquisición de cada estándar de

aprendizaxe dunha determinada actividade de lingua, deberán aplicarse todos os criterios de avaliación recollidos e descritos para a actividade correspondente, así como aqueles do quinto bloque que correspondan.

No que respecta ao **IES Valadares** a segunda lingua estranxeira impártese nos catro niveis da ESO e ben pode ser o portugués, ben o francés.

O francés segunda lingua impártese en tódolos grupos do centro agás nos PMAR e nos grupos de reforzo o agrupamentos específicos. Para este curso **2021-2022** a distribución de grupos é a seguinte:

Profesor DEF :

1º ESO A/B (18 alumnos) : dúas horas/semana

1º ESO C (17 alumnos) : dúas horas/semana

1º ESO D (23 alumnos) : dúas horas/semana

2º ESO A/C (21 alumnos):dúas horas/semana

2º ESO B (18 alumnos): dúas horas/semana

2º ESO D (26 alumnos) : dúas horas/semana

3º ESO B (21 alumnos): catro horas/semana (primer cuadrimestre)

3º ESO A/D (20 alumnos):catro horas /semana(segundo cuadrimestre)

4º ESO A/D (10 alumnos): tres horas/semana

Profesor PES :

3º ESO C (15 alumnos) : catro horas /semana(primer cuadrimestre)

Número total de alumnos de francés 2º idioma :189 alumnos

O número total de alumnos que cursan a materia este curso mantense máis o menos similar ao do curso anterior . No que respecta os grupos establecidos por cada curso prodúcese un cambio significativo nos cursos de 1º e 2º da ESO debido a supresión das medidas excepcionais de redución de alumnado por grupo esixidas o curso pasado para cumprir co protocolo COVID .

Deste xeito, en **1º da ESO** hai soamente 3 grupos (un deles xurdido do agrupamento dos grupos A e B), fronte os catro grupos do curso pasado.

En **2º da ESO** temos 3 cursos (un deles xurdido do agrupamento dos grupos A e C) fronte os catro do curso pasado.

En **3º da ESO** temos 3 grupos fronte ós dous do curso pasado. Dado que o francés é unha materia cuadrimestral, o primer cuadrimestre cursarán a devandita materia só dos grupos de 3º ESO (Os grupos de 3º ESO B e 3º ESO C) e o segundo cuadrimestre o grupo de 3º ESO A/D .

En **4º da ESO** séguese agrupando o alumnado dos diferentes grupos nun só grupo. Neste curso temos agrupados os alumnos de 4º da ESO A /B/C/D.

Cabe subliñar que maila o aumento da matrícula e como sucede nos últimos anos moito alumnado xa en primeiro non é capaz de acceder a **segunda lingua estranxeira** ao ser dirixidos ós agrupamentos ou reforzos debido ás súas dificultades xa detectadas en primaria ou despois da avaliación inicial realizada ao inicio do curso.

Respecto a etapa de Bacharelato temos que comentar que fronte a existencia dun único grupo de francés de **1º de Bacharelato** o ano pasado trala implantación do mesmo no noso centro no curso 2020/2021, neste curso pérdese dito grupo e non se forma tampouco ningún grupo de francés de **2º de Bacharelato**, curso implantado por primeira vez no centro neste curso 2021/2022 e que culmina a implantación da nova etapa no noso centro.

Composición do departamento de francés

Este curso o departamento de francés vai estar formado por dous profesores :

-Françoise Oliva Levanti ,definitiva no centro e que exercerá a función de xefa de departamento .

-Laura González Chicote (PES),que adscrita ó departamento de inglés asume a impartición de catro horas de francés no seu horario coa distribución que fago constar no apartado anterior durante o primer cuatrimestre.

2. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO LOGRO DAS COMPETENCIAS CLAVE

Segundo establece o Decreto 86/2015, do 25 de xuño polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia competencias clave para a aprendizaxe permanente, as competencias clave son aquelas que todas as persoas precisan para a súa realización e o seu desenvolvemento persoal, así como para a cidadanía activa, a inclusión social e o emprego.

Esta programación baséase na potenciación da aprendizaxe por competencias, integradas nos elementos curriculares para propiciar unha renovación na práctica docente e no proceso de ensino e aprendizaxe.

Unha competencia supón a combinación de habilidades prácticas, coñecementos, motivación, valores éticos, actitudes, emocións e outros compoñentes sociais e de comportamento que se mobilizan conxuntamente para lograr unha acción eficaz. Xa que logo, as competencias considéranse como coñecemento na práctica, un coñecemento adquirido a través da participación activa en prácticas sociais que, como tales, se poden desenvolver tanto no contexto educativo formal, a través do currículo, como nos contextos educativos non formais e informais; conceptualízanse como “un saber facer” que se aplica a unha diversidade de contextos educativos, sociais e profesionais.

As competencias clave do currículo son as seguintes:

- Comunicación lingüística (**CCL**). Habilidade no uso da linguaxe para a comunicación, a representación, comprensión e interpretación da realidade, a construción do coñecemento e a organización do pensamento, as emocións e a conducta.
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (**CMCCT**). A competencia matemática implica a capacidade de aplicar o raonamento matemático e as súas ferramentas para describir, interpretar e predecir distintos fenómenos no seu contexto. As competencias básicas en ciencia e tecnoloxía proporcionan un acercamento ao mundo físico e á interacción responsable con el desde accións, tanto individuais como colectivas, orientadas á conservación e mellora do medio natural, decisivas para a protección e mantemento da calidade de vida e o progreso dos pobos.
- Competencia dixital (**CD**). Habilidade para buscar e procesar información mediante un uso creativo, crítico e seguro das TIC.
- Aprender a aprender (**CAA**). Habilidade para iniciar, organizar e persistir na aprendizaxe.
- Competencias sociais e cívicas (**CSC**). Habilidade para empregar os coñecementos e actitudes sobre a sociedade, entendida desde as diferentes perspectivas, na súa concepción dinámica, cambiante e complexa, para interpretar fenómenos e problemas sociais en contextos cada vez máis diversificados; para elaborar respostas, tomar decisións e resolver conflitos, así como para interactuar con outras persoas e grupos conforme ás normas basadas no respecto mutuo e nas conviccións democráticas.
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (**CSIEE**). Capacidade para adquirir e aplicar unha serie de valores e actitudes, e de elixir con criterio propio, transformando as ideas en accións.
- Conciencia e expresións culturais (**CCEC**). Habilidade para comprender, apreciar e valorar, cun espírito crítico e actitude aberta e respectuosa, diferentes manifestacións culturais, e interesarse na súa conservación como patrimonio cultural.

A materia de francés xoga un rol relevante para que o alumnado acade os obxectivos da etapa e adquira as competencias clave:

Competencia en comunicación lingüística

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira contribúe á adquisición da competencia en comunicación lingüística de xeito directo, completando, enriquecendo e enchendo de novos matices comprensivos e expresivos esta capacidade comunicativa xeral. Unha aprendizaxe da lingua estranxeira baseada no desenvolvemento de habilidades comunicativas, contribuirá ao desenvolvemento desta competencia básica no mesmo sentido co fai a primeira lingua. Sen embargo, a aportación da lingua estranxeira é primordial no discurso oral por ter que traballar as habilidades de escoitar e conversar. Ademais, a aprendizaxe da lingua estranxeira, mellora a competencia comunicativa xeral ao desenvolver a habilidade para expresarse, oralmente e por escrito, utilizando as convencións e a linguaxe apropiada a cada situación, interpretando diferentes tipos de discurso en contextos e con funcións diversas. Doutra banda, o recoñecemento e a aprendizaxe progresivo de regras de funcionamento do sistema da lingua estranxeira, a partir das linguas que xa coñecen, mellorará a adquisición desta competencia.

CCL1. ESCOITAR

CCL1.1. Recoñece e lembra as palabras crave dunha exposición oral dun tema específico coñecido.

CCL1.2. Comprende a idea xeral de textos orais, emitidos cara a cara ou por medios audiovisuais sobre asuntos cotiáns, se se fala amodo e con claridade.

CCL1.3. Comprende as informacións específicas máis relevantes de textos orais, emitidos cara a cara ou por medios audiovisuais sobre asuntos cotiáns, se se fala amodo e con claridade.

CCL2. FALAR

CCL2.1. Reproduce a pronuncia, ritmo e acentuación da lingua estranxeira.

CCL2.2. Produce un discurso comprensible e adecuado á intención de comunicación

CCL2.3. Produce textos cohesionados e coherentes.

CCL3. CONVERSAR

CCL3.1. Reproduce as fórmulas habituais e culturais que se empregan na comunicación interpersoal na aula.

CCL3.2. Comunícase oralmente participando en conversacións e en simulacións sobre temas coñecidos ou traballados previamente.

CCL3.3. Interactúa oralmente en lingua estranxeira co profesorado ou cos compañeiros sobre temas de interese persoal e tarefas de clase

CCL4. LER

CCL4.1. Recoñece a idea xeral de textos escritos adecuados á idade, con apoio de elementos textuais e non textuais, sobre temas variados e outros relacionados con algunhas materias do currículo.

CCL4.2. Extrae información específica de textos escritos adecuados á idade, con apoio de elementos textuais e non textuais,

sobre temas variados e outros relacionados con algunhas materias do currículo.

CCL.4.3. Le textos de certa extensión apropiados á súa idade, intereses e nivel de competencia con axuda de dicionarios.

CCL5. ESCRIBIR

CCL5.1. Escribe palabras respectando as regras de ortografía.

CCL5.2. Escribe frases coa orde sintagmática correcta

CCL5.3. Redacta textos breves en diferentes soportes utilizando as estruturas, as funcións e o léxico adecuados, así como algún elementos básicos de cohesión, a partir de modelos e respectando as regras elementais de ortografía e de puntuación.

Competencia dixital

As Tecnoloxías da Información e a Comunicación ofrécennos a posibilidade de comunicarnos en tempo real con calquera parte do mundo e tamén o acceso sinxelo e inmediato a un fluxo incesante de información que medra cada día. O coñecemento dunha lingua estranxeira facilita o acceso á información que se pode atopar nesta lingua, ao tempo que ofrece a posibilidade de comunicarnos. Ademais, facilita a comunicación persoal a través do correo electrónico en intercambios con rapaces novos doutros lugares e, o máis importante, crea contextos reais e funcionais de comunicación. Na medida na que a lingua estranxeira esixe o contacto con modelos lingüísticos moi diversos, a utilización de recursos dixitais para a aprendizaxe é indiscutible na materia e o seu emprego cotián contribúe directamente ao desenrrolo desta competencia.

Ademais, estas ferramentas técnicas relacionadas coa selección, tratamento, organización, representación gráfica ou comunicación de información, adquire un especial valor engadido cando se coñecen varias linguas estranxeiras, xa que unha parte sustancial da información está en idiomas distintos do español. Neste sentido, a aprendizaxe de outras linguas axuda á adquisición de todo tipo de coñecementos, incluído aqueles que constitúen o marco ideal para o desenvolvemento da **competencia matemática e das competencias básicas en ciencia e tecnoloxía**.

CD1. Obtén información relevante en Internet ou noutros soportes sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados

CD2. Usa de forma guiada as tecnoloxías da información e a comunicación.

Competencias sociais e cívicas

O francés como segunda lingua é un bo vehículo para o desenvolvemento da competencia social e cidadana. As linguas serven aos falantes para comunicarse socialmente, forman parte da cultura común das diferentes comunidades e nacións. Pero tamén, en gran medida, son vehículo de comunicación e transmisión cultural e favorecen o respecto, o interese e a comunicación con falantes de outras linguas e o recoñecemento e a aceptación de diferenzas culturais e de comportamento. O intercambio de información persoal axuda a reforzar a identidade dos interlocutores. Doutra banda, na lingua estranxeira é relevante o traballo en grupo e por parellas e grazas a estas interaccións apréndese a participar, a expresar as ideas propias e a escoitar as dos demais, desenvólase a habilidade para construír diálogos, negociar significados, tomar decisións valorando as aportacións dos compañeiros, conseguir acordos e, en definitiva, favorécese aprender de e cos demais.

CSC1. Demostra interese por outras culturas.

CSC2. Relaciona a cultura da lingua estranxeira coa súa propia

CSC3. Acepta e practica as normas de convivencia establecidas.

CSC4. Traballa en parellas e grupos aceptando o seu papel neses agrupamentos

Competencia en conciencia e expresión culturais

Esta materia inclúe especificamente un acercamento a manifestacións culturais propias da lingua e dos países nos que se fala e, por tanto, contribúe a adquirir a competencia artística e cultural ao propiciar unha aproximación a obras ou autores que contribúen á creación artística. Do mesmo xeito, a área contribúe ao desenvolvemento desta competencia se se facilita a expresión de opinións, gustos e emocións que producen diversas manifestacións culturais e artísticas e se favorecen os traballos creativos individuais e en grupo, como a realización e representación de simulacións e narracións. En definitiva, transmitir en lingua estranxeira o coñecemento e a apreciación da diversidade cultural a partir de manifestacións artísticas, contribuirá ao desenvolvemento desta competencia.

CEC1. Identifica algúns elementos culturais propios dos países e culturas onde se fala a lingua estranxeira.

CCEC2. Demostra valores de iniciativa, creatividade e imaxinación.

CCEC3. Aprecia, goza e participa nas actividades relacionadas coas biografías de personaxes famosos e interesantes para a súa idade

Competencia para aprender a aprender

A partir da adquisición da linguaxe, este convértese en vehículo do pensamento humano, en instrumento para a interpretación e representación da realidade e na ferramenta de aprendizaxe por excelencia. Esta materia acrecenta a capacidade lingüística xeral otorgándolle novas potencialidades e recursos diferentes para a comprensión e expresión, facilitando ou completando a capacidade do alumnado para interpretar ou representar a realidade e construír coñecementos, formular hipóteses e opinións, expresar e analizar sentimentos e emocións. Doutra banda, a competencia para aprender a aprender rentabilízase enormemente se se inclúen contidos directamente relacionados coa reflexión sobre a propia aprendizaxe, para que cada alumno poda identificar como aprende mellor e que estratexias os fan máis eficaces. O desenvolvemento de estratexias diversas para aprender a aprender prepara ó alumnado de forma progresiva á toma de decisións que favorecen a autonomía para utilizar e para seguir aprendendo a lingua estranxeira ao longo da vida.

CAA1. Utiliza o coñecemento dalgúns aspectos formais do código da lingua estranxeira (morfoloxía, sintaxe e fonoloxía), en diferentes contextos de comunicación, como instrumento de aprendizaxe.

CAA2. Aplica os coñecementos do sistema lingüístico específicos da lingua estranxeira (fonéticos, léxicos, estruturais e funcionais) para que as producións de textos orais sexan correctas.

CAA3. Identifica e xestiona algunhas estratexias utilizadas e materiais ofrecidos polo libro de texto para progresar na aprendizaxe.

Sentido da iniciativa e espírito emprendedor

O coñecemento dunha lingua estranxeira contribúe tamén á adquisición da autonomía e iniciativa persoal, en varios sentidos. O currículo fomenta o traballo cooperativo na aula, o manexo de recursos persoais e habilidades sociais de colaboración e negociación, o que supón poñer en funcionamento determinados procedimentos que permiten o desenvolvemento de iniciativas e toma de decisións na planificación, organización e xestión do traballo, permitindo deste xeito a autonomía e a iniciativa persoal.

SIE1. Utiliza o coñecemento dalgúns aspectos formais do código da lingua estranxeira (morfoloxía, sintaxe e fonoloxía), en diferentes contextos de comunicación, como instrumento de autocorrección das producións propias e para comprender mellor as alleas.

SIE2. Utiliza procesos de autoevaluación.

SIE3. Utiliza as estratexias adecuadas para facilitar a continuidade da comunicación.

SIE4. Comunícase oralmente participando en conversacións e en simulacións sobre temas coñecidos ou traballados previamente.

3.OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DA MATERIA

-Apreciar a importancia do coñecemento de linguas estranxeiras como medio de comunicación.

-Desenvolver actitudes e comportamentos de respecto e tolerancia ante outras manifestacións culturais diferentes as nosas superando prexuízos e comportamentos discriminatorios por razón da raza, sexo, lingua ou cultura.

-Fomentar o desexo de descubrir aspectos culturais e sociais de Francia e doutros países

francófonos.

-Facer que o alumno descubra que a aprendizaxe da lingua francesa como doutras linguas estranxeiras pasa pola súa implicación activa e dese xeito motivalo e animalo a participar na aula sen complexos e sen sentido do ridículo. Así facer que entenda que os erros que poida cometer forman parte tamén da súa aprendizaxe.

-Analizar os erros propios e alleos invitando a súa reflexión e corrección como estratexia para avanzar e enriquecer a aprendizaxe da lingua francesa.

-Lograr unha integración natural da lingua francesa como lingua de comunicación na aula e asemade conseguir a súa sistematización logo dos intercambios entre profesor/alumno.

4. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

A metodoloxía será activa e participativa partindo do nivel de lingua do alumno, da idade, así como as características de cada grupo e tendo como referente o enfoque comunicativo, a aprendizaxe activa, a integración do desenvolvemento das competencias e das novas tecnoloxías que cobran especial importancia no contexto actual de pandemia.

Tamén tendrá como referente a estimulación da lectura e a atención a diversidade tanto referida ós diferentes ritmos de aprendizaxe como a atención o alumnado que tivese dificultades derivadas da fenda dixital. Ademais será unha metodoloxía que fomente tanto o coñecemento e as actitudes críticas como as de respecto e de tolerancia.

A metodoloxía didáctica e os recursos permitirán o deseño de actividades educativas que se poidan desenvolver de **forma presencial** e ,de ser o caso **non presencial**. Neste último caso realizaranse as adaptacións necesarias .

A tipoloxía das actividades onde traballaremos os contidos será a seguinte :

1)-Actividades controladas e precomunicativas onde o alumno traballará as estruturas lingüísticas e o léxico do tema presentado mediante exercicios estruturais, de substitución, de repetición e memorización, xogos de rol dirixidos, ...
Tratase de facilitar ó alumno/a a adquisición de certos contidos que facilitarán despois a realización de tarefas máis comunicativas. Neste tipo de actividades importa a corrección formal (os erros son corrixidos).

2)-Actividades semicontroladas e semicomunicativas que simulan a comunicación real e imitan modos lingüísticos. O alumno traballa a partir dun contexto dado, escollendo as estruturas lingüísticas e o léxico que precise. Todo ello respectando as consignas previamente establecidas polo profesor e a clase.

3)-Actividades libres e comunicativas que implican un uso autónomo da lingua por parte do alumno/a. Aquí a corrección formal só importará se impide a comunicación.

4)-Seleccionaranse documentos orais e escritos que reforzen os contidos previamente traballados na aula e se adapten a alumnos de diversos niveis competenciais e con intereses diferentes.

5)-Asemade proporanse actividades de comprensión e de produción oral e escrita que esixan ao alumno:

- Planificala e desenvólvela con outros compañeiros e comparar resultados.
- Interactuar coa súa realidade.
- Examinar nun contexto novo unha idea o concepto que xa coñece.
- Identificar e discriminar unha información específica, unha palabra ou un son realizando preguntas de verdadeiro/ falso, de identificación ou exclusión .
- Extraer unha información global ou específica a través de preguntas abertas, que esixan do alumno a toma de notas e a asimilación de dita información para ser posteriormente transferida oralmente ou por escrito.

6)-Fomentarase, asemade a lectura para o recoñecemento e ampliación do vocabulario, para mellorar a pronunciación e a entoación, aprender a interpretar un texto co fin de extraer o máximo de información . Neste sentido ó longo do curso ademais das lecturas incluídas nos libros de texto e as lecturas graduadas obrigatorias en 3º e 4º da ESO, se seleccionarán segundo o nivel e características do grupo outros documentos escritos de tipoloxía variada.

7)-As TICS incorpóranse nos recursos audio-visuais do método e dos seleccionados ad hoc ao longo do curso, videoclips, filmes, reportaxes... que constitúen os materiais curriculares básicos da lingua estranxeira. Do mesmo xeito fomentarase a busca de información en Internet dos enderezos facilitados nos métodos utilizados e os suxeridos o escollidos polo profesor.

Así búscase con esta materia contribuír a estimular a autonomía do alumno e a súa capacidade de aprender a aprender e a súa competencia dixital .

8)-Este curso seguirase a traballar na aula virtual do centro e progresivamente usaremos de xeito complementario os recursos educativos dixitais da plataforma E-Dixgal posto que noso centro é un centro integrado no dito proxecto dixital nos cursos de 1º, 2º, 3º e 4º da ESO. Traballaremos tamén nas páxinas webs dos libros dixitais de cada grupo para que en caso de confinamiento (temporal ou prolongado), o alumnado esté afeito a traballar tanto co libro físico como na rede a través de videoconferencias na plataforma CiscoWebex.

5. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Dado que este curso 2021-2022 a implantación do programa E-Dixgal no centro é completa nos cursos de 1º a 4º da Eso, o departamento de francés complementará os contenidos dos métodos elixidos co uso da plataforma E-Dixgal e da aula virtual do centro onde iranse introducindo contidos ao longo do curso.

Os manuais de base 2ª lingua francés son os seguintes :

1ºESO : **Promenade 1**.Livre de l'élève.Cd audio.Cahier d'activités. Versión dixital do método completo na plataforma dixital (Savia dixital) .Editorial SM .

2ºESO : **Promenade 2**.Livre de l'élève.Cd audio.Cahier d'activités.Versión dixital do método completo na plataforma dixital (Savia dixital).Editorial SM.

3ºESO: **Parachute 3**.Livre de l'élève,CD-DVD,Cahier d'exercices e CD.Manuel numérique.Editorial Santillana.

4º ESO: **Parachute 4**.Livre de l'élève,CD-DVD,Cahier d'exercices e CD.Manuel numérique.Editorial Santillana.

A versión dixital dos métodos constitúe unha ferramenta moi útil para a dinamización da clase porque :

- **Permite unha fácil navegación:**
 - As zonas do libro e do Caderno que corresponden a cada actividade están delimitadas e o profesor non ten necesidade de tentear co zoom para activalas e agrandalas.
 - Accédese de forma directa ás gravacións audio, ás transcripcións, ás solucións e aos vídeos.
 -
- **As correccións interactivas presentan un interese pedagóxico:**
 - As solucións das actividades non aparecen todas á vez senón ítem por ítem, o que permite manter a atención dos alumnos durante toda a sesión de corrección.
 - Teñen animacións e son visuais: cando as actividades se apoian sobre unha imaxe, a resposta dáse na imaxe e non codificada cunha combinación de cifras e letras. Auméntase a motivación durante a fase de corrección, pero esta presentación poderá servir sobre todo para previamente:
 - explicar a consigna e dar un exemplo do funcionamento da actividade;
 - realizar de forma eventual a actividade baixo ese formato en encerado dixital, despois da reflexión individual e corrixindo pouco a pouco.
- **A combinación de ferramentas habituais permite personalizar o método.**
 - O profesor pode completar na pantalla un cadro ou resaltar o que é importante, esconder algunhas partes do texto ou dunha ilustración.
 - Pode inserir ligazóns, notas e gravacións efectuadas na clase.
 - Pode tamén gravar as súas achegas persoais, conservalas para ser reutilizadas noutras sesións, noutra clase...
 -

- **Os vídeos « incrustados » no Libro do alumno :**
 - Presentan unha apertura sobre a « vida real » e unha prolongación dos contidos socioculturais presentados.
 - Ademais do espertar ás realidades socioculturais, os vídeos teñen como obxectivo reforzar a competencia de comprensión oral e sensibilizar aos alumnos á linguaxe non verbal.

Como materiais complementarios o departamento dispoñe dos materiais adicionais que ofrecen ambos os dous métodos e doutros documentos auténticos como : revistas, DVDs, filmes, enderezos pedagóxicos de internet, vídeo-clips francófonos, xogos, cancións e lecturas graduadas para cada nivel.

Entre outros enderezos considerados de interese no estudo da lingua destacamos :

www.santillanafrancaisparachute.com

<https://login.smaprendizaje.com>

www.tv5monde.fr

www.lepointdufle.net

www.ticsenfle.blogspot.com

www.podcastfrancaisfacile.com

www.phonetique.free.fr

6. TEMPORALIZACIÓN DE CONTIDOS E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

1º ESO :

En 1º da ESO, o material curricular de base é o **Método Promenade 1** da editorial SM. Todos os bloques da materia se contextualizan e organizan en oito unidades temáticas que se traballarán ao longo do curso segundo a seguinte temporalización :

1ª Avaliación : Na primeira avaliación trataranse as unidades 0,1 e 2.

2ª Avaliación : Na segunda avaliación trataranse as unidades 3,4 e 5.

3ª Avaliación : Na terceira avaliación trataranse a unidade 6 e a unidade 7.

Esta temporalización estándar estimada podería variar en función do grupo-clase, das adaptacións debidas a situación epidemiolóxica concreta ao longo do curso ,ou das sesións efectivas que se produzan en cada avaliación.

En función destas circunstancias axustaranse asemade os contidos programados.

2º da ESO :

En 2º da ESO, o material curricular de base é o **Método Promenade 2** da editorial SM. Todos os bloques da materia se contextualizan e organizan en oito unidades temáticas que se traballarán ó longo do curso segundo a seguinte temporalización :

1ª Avaliación : Na primeira avaliación trataranse as unidades 0,1 e 2.

2ª Avaliación : Na segunda avaliación trataranse as unidades 3,4 e parte da 5.

3ª Avaliación : Na terceira avaliación trataranse o resto da 5, a unidade 6 e a 7.

Esta temporalización estándar estimada podería variar en función do grupo-clase, dos contidos e dos estándares de aprendizaxe non impartidos no curso anterior por mor da situación de excepcionalidade creada pola pandemia e que añadiríanse progresivamente ó longo do curso en función das necesidades concretas xurdidas na práctica diaria de clase. Tamén podería variar en función das adaptacións debidas a situación epidemiolóxica concreta deste curso actual 2021-22 e das sesións efectivas que se produzan en cada avaliación.

En función destas circunstancias axustaranse asemade os contidos programados.

3º da ESO :

Este curso 2021-2022 continuase coa estrutura cuadrimestral do curso , **medida de Innovación educativa** implantada no noso centro dende o curso 2019-2020.. Deste xeito impartiranse as materias de dúas horas semanais de 3º da ESO como é o caso da materia de francés como **materias cuadrimestrais de 4 horas semanais**.

En 3º da ESO ,o material curricular de base é o **Método Parachute 3** da editorial Santillana. Tódolos bloques da materia se contextualizan e organizan en sete unidades temáticas que se traballarán ao longo dos dous cuadrimestres segundo a seguinte temporalización:

1ª Avaliación : Na primeira avaliación trataranse as unidades 0,1,2 .

2ª Avaliación : Na segunda avaliación trataranse as unidades 3,4 e parte da 5.

3ª Avaliación : Na terceira avaliación trataranse o resto da unidade 5 e a 6.

Esta temporalización estándar estimada podería variar en función da necesidade de complementar a introducción de novos contidos correspondentes ó curso de 3º da ESO con contidos do curso precedente que non foron dados por mor da pandemia e considerados básicos e fundamentais para unha progresión adecuada na aprendizaxe da segunda lingua estranxeira . Tamén pode variar en función do grupo clase e das sesións efectivas que se produzan en cada avaliación. En función destas circunstancias axustarase asemade os contidos programados.

4º da ESO :

En 4º da ESO ,o material curricular de base é o **Método Parachute 4** da editorial Santillana.Todos os bloques da materia se contextualizan e organizan en sete unidades temáticas que se traballarán ao longo do curso segundo a seguinte temporalización :

1ª Avaliación : Na primeira avaliación trataranse as unidades 0,1 e 2.

2ªAvaliación : Na segunda avaliación trataranse as unidades 3 e 4.

3ª Avaliación : Na terceira avaliación trataranse as unidades 5 e 6.

Esta temporalización estándar estimada podería variar en función da necesidade de complementar a introducción de novos contenidos do curso de 4º da ESO con contenidos non dados no curso anterior por mor da pandemia e considerados básicos e fundamentais para unha progresión adecuada na aprendizaxe da segunda lingua estranxeira.Tamén podería variar en función do grupo clase e das sesión efectivas que se produzan en cada avaliación. En función destas circunstancias axustarase asemade os contidos programados.

7. AVALIACIÓN : AVALIACIÓN INICIAL. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN .GRAO DE LOGRO DE ADQUISICIÓN DOS ESTANDARES DE APRENDIZAXE MÍNIMOS ESIXIBLES REQUERIDO PARA OBTEN UNHA AVALIACIÓN POSITIVA. CRITERIOS DE AVALIACIÓN.CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO AO LONGO DO CURSO ESCOLAR.

7.1 A AVALIACIÓN INICIAL

A avaliación inicial permitirá en tódolos niveis o establecemento do perfil do grupo e a adopción de novas medidas individuais e colectivas en consecuencia cos resultados obtidos en cada nivel e en cada grupo clase respecto ao proxectado inicialmente.

Neste curso 2021-2022 a avaliación inicial e a memoria do curso pasado (2020-2021) son dous instrumentos fundamentais para o establecemento e a determinación dos contidos e dos estándares da aprendizaxe non impartidos por mor da situación de excepcionalidade provocada pola pandemia.Deste xeito e unha vez determinados impartiranse o reforzaranse os devanditos elementos dun xeito progresivo ó longo do curso simultaneándose cos contidos propios do curso vixente.

No que respecta a **1ª da ESO** como é o primer curso que o alumnado en xeral comeza a súa aprendizaxe do francés segunda lingua estranxeira farase o primer día de clase unha sondaxe para determinar os alumnos que xa tiveron en primaria a materia de iniciación o francés e os que nunca a tiveron.

Nas seguintes sesións(unha o dúas) farase unha avaliación por grupos aleatorios dos coñecementos previos que o alumnado poida ter sobre Francia e a lingua francesa.Estas mesmas sesións servirán para observar o nivel de competencia lingüística do alumnado na

propia lingua materna así coma a súa actitude,o seu interese,o seu grao de atención e concentración .

En función dos resultados obtidos nestas primeiras sesións de contacto e ademáis do coñecemento do historial académico do alumno de 1º da ESO tomaranse decisións sobre as medidas a adoptar como reforzos na aula,adaptacións curriculares ou exencións de cursar a segunda lingua estranxeira.

Nos seguintes niveis de **2º,3º e 4º da ESO** os referentes para a avaliación inicial serán os contidos mínimos establecidos para o curso o etapa anterior que se revisarán a través da interacción oral na aula e da realización dun test de avaliación inicial con exercicios de comprensión oral e escrita,de gramática e de vocabulario.

Retomaranse os contidos básicos imprescindibles en función das necesidades detectadas para poder construír sobre eles as novas aprendizaxes.Esta avaliación inicial permitirá tamén nos cursos anteriormente citados establecer a pertinencia o non da aplicación dalgunha das medidas específicas de atención a diversidade previstas no centro e na programación da materia para cada curso e nivel.

7.2.PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Na ESO seguimos un sistema de avaliación continua.O que significa que una avaliación recupérase coa seguinte.

O proceso avaliador realizarase principalmente a través de :

1. A observación directa do alumno,tendo en conta as súas actitudes de interese e iniciativa no traballo diario, os seus hábitos de traballo,os seus progresos conceptuais e a súa participación nos traballos en grupo ou de posta en común.
2. O control do traballo dos alumnos realizado **na aula e fora dela** (deberes).
3. O control do traballo dos alumnos realizado nun **contexto presencial** e non **presencial**.
4. A realización periódica de probas orais e escritas de diferente tipo nas que se avaliará a súa destreza comunicativa (adecuación a situación comunicativa,xusteza da información,organización e coherencia do discurso escrito e/ou oral...) e a calidade lingüística (corrección gramatical e lexical,a pronuncia nas probas orais,a presentación dos traballos escritos,a súa caligrafía,ortografía e puntuación dos mesmos.)
5. A lectura dos libros encomendados.
6. A valoración da súa asistencia a clase e a súa conducta na clase.

7.3.GRAO DE LOGRO DE ADQUISICIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE MÍNIMOS ESIXIBLES REQUERIDO PARA UNHA AVALIACIÓN POSITIVA

Os estándares de aprendizaxe avalíanse ao longo do curso escolar podendo non estar adquiridos na súa totalidade no momento en que se temporalizan nesta programación pero podendo estarlo ao final do curso. Isto é, un mesmo estándar de aprendizaxe é avaliable en diferentes momentos do curso, en especial os que teñen que ver cun uso comunicativo da lingua (comprensión e expresión). Ambas competencias lingüísticas requiren de tempo e o seu grao de adquisición evolucionará progresivamente ao longo dos trimestres.

Neste sentido, considerarase que o alumno acadou os estándares básicos avaliábeis se na avaliación final ordinaria acadou como mínimo o 50% da porcentaxe establecida nesta programación como criterios de avaliación e cualificación en cada un dos bloques de contidos programados.

Ao ser avaliación continua, non se realizarán, con carácter xeral probas de recuperación de avaliacións non superadas. Non obstante, poderanse realizar probas de recuperación de determinados estándares de aprendizaxe necesarios para reforzar e mellorar a expresión oral, a expresión escrita e o coñecemento da lingua.

7.4.CRITERIOS DE AVALIACIÓN,CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO AO LONGO DO CURSO ESCOLAR

7.4.1. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Nun contexto marcado pola avaliación continua a **avaliación da competencia comunicativa** valorará fundamentalmente as comprensións oral e escrita e as expresións oral e escrita do alumnado. Evidentemente valorarase o coñecemento da lingua presente en todas as destrezas anteriormente citadas xunto ao coñecemento dos aspectos socioculturais presentes tamén nas catro destrezas. Non obstante hai que ter en conta que a avaliación da expresión oral é máis doada facela nos grupos clase con unha boa ratio profesor/ alumno que nos grupos con unha elevada ratio.

Hai que ter igualmente en conta neste contexto da pandemia que a valoración dos devanditos aspectos tendrá lugar tanto no escenario presencial como non presencial utilizando neste último caso as plataformas e medios telemáticos corporativos.

Neste sentido os **criterios básicos** para a **avaliación da competencia comunicativa do alumnado** serán os seguintes :

Avaliación da comprensión oral :

Valorarase se o alumno basicamente:

- Comprende as intervencións do profesor (a lingua vehicular na clase será maioritariamente en francés excepto en 1º da ESO onde predominará o uso da lingua materna do alumnado na primeira avaliación para ir cobrando maior importancia nas seguintes avaliacións) e dos seus compañeiros na aula.

- Comprende e identifica a situación de comunicación (quen ,que,onde ,cando..) dos documentos gravados .Dicha identificación se fará mais complexa e detallada segundo o nivel no que se está a traballar.
- Comprende a información específica solicitada en textos orais,semellantes aos traballados na aula e nos que podería haber algún léxico desconocido.

Avaliación da comprensión escrita :

Valorarase se o alumno basicamente :

- Capta a idea principal,apoiándose en imaxes,no título /tema,na tipoloxía textual...
- Identifica a información mais específica solicitada.
- Deduce o significado de palabras descoñecidas : polo contexto,pola transparencia das palabras,pola semellanza con outras linguas que coñece o polos seus coñecementos lingüísticos en francés.

Avaliación da expresión oral :

Valorarase se o alumno basicamente :

- Utiliza habitualmente a lingua francesa nas interaccións co profesor e cos compañeiros na aula tanto na súa participación nas actividades como para resolver problemas de aprendizaxe .
- Progresa no uso da lingua e é consciente desa situación.
- Asume riscos no uso da lingua e perde o sentido do ridículo que paraliza moitas veces o feito de expresarse sin medo nunha lingua estranxeira.
- Esfórzase para reproducir unha pronuncia e unha entoación correcta.
- Aprende de erros cometidos e corrixidos propios e alleos.
- Practica na aula de maneira autónoma a súa produción oral seguindo as recomendacións establecidas,participando,repertindo,memorizando e adecuando a súa expresión á situación de comunicación requerida.
- Amona unha actitude de respecto no que se refire a expresión oral dos seus compañeiros.
- Amona interese en comprender e facerse comprender desenvolvendo estratexias verbais e non verbais.

Avaliación da expresión escrita :

Valorarase se o alumno basicamente:

- Identifica a situación de comunicación e adecúa o seu texto a ela.
- Reproduce correctamente modelos lingüísticos.
- Ten en conta os erros cometidos para corrixir e mellorar as súas producións escritas utilizando os seus coñecementos lingüísticos.

- Revisa as súas produción escritas para corrixilas, atendendo á lingua e á presentación seguindo consignas dadas na clase.

Respecto a actitude terase en conta :

- O traballo persoal e o esforzo realizado nos dos contextos posibles (presencial e non presencial)
- A preocupación por amosar unha boa presentación e organización das tarefas encomendadas (marxes, limpeza, claridade, cohesión e coherencia dos diferentes tipos de textos ,boa caligrafía e ortografía...)
- Interese pola lectura dos libros adecuados o nivel e contidos traballados na aula e realización das actividades establecidas para cada unha.
- Actitude receptiva e de respecto ante a nova lingua estranxeira e os elementos socioculturais diferentes para os alumnos de 1º da ESO. As mesmas actitudes son desexables para os seguintes niveis.
- Interese por coñecer non só a lingua senón os aspectos máis relevantes da vida en Francia .
- Interese por progresar no coñecemento da lingua intentando corrixirse e mellorar, asumindo o erro como parte indisoluble da propia aprendizaxe.

Respecto o comportamento do alumno no grupo clase e co profesor terase en conta se o alumno :

- Acude co material necesario para o traballo na aula e esmérase en consérvalo en boas condicións.
- Coida asemade o material escolar a súa disposición na aula de francés, ademais das cadeiras , os pupitres e outros elementos pertencentes à comunidade escolar e que forman parte da aula propia de francés.
- Ten unha conducta cívica, respectando as normas básicas de convivencia e as particulares do centro.
- Amosa interese e se esforza en seguir as indicacións suxeridas polo profesor, tanto para a realización dunha tarefa, coma para corrixir un comportamento inadecuado (ter un comportamento disruptivo de calquera orden, falta de atención, uso incorrecto o de descuido do estado dos materiais da aula, e das pertenzas dos seus compañeiros ...).

Respecto o comportamento do alumno nun escenario non presencial terase en conta se o alumno :

-Amosa interese, participa e realiza as tarefas indicadas polo profesor a través da aula virtual do centro u outros medios telemáticos corporativos .

7.4.2. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN. PORCENTAJES PARA CADA UN DOS BLOQUES DE CONTENIDOS E PARA CADA CURSO NAS AVALIACIÓN ORDINARIA E EXTRAORDINARIA E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.

CRITERIOS CUALIFICACIÓN /PORCENTAJES POR CADA UN DOS BLOQUES DE CONTENIDOS NA AVALIACIÓN ORDINARIA :

Francés 2º Lingua (SL) 1º e 2º ESO :

BLOQUE 1.Compreñión ORAL : 10%

BLOQUE 2.Expreñión ORAL : 10%

